

ACREDITACIÓN MÉRITOS LEI 20/2021

CONCURSO:

AGRUPACIÓN PROFESIONAL: ESCALA LIMPEZA E RRNN E FORESTAIS, ESCALA PERSOAL MANTEMENTO PERSOAL LABORAL GRUPO V: CAT. 10B, 10C, 14 e 14A

Santiago de Compostela 05/04/24

Publicada en DOG a Resolución de apertura do procedemento para a acreditación de méritos dos procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021, mediante o sistema de **concurso**, seguinte:

- [Agrupación do profesional de persoal funcionario e categorías do grupo V do persoal laboral da Xunta de Galicia.](#)
 - Procesos de persoal funcionario-agrupación profesional (AP)
 - **Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais.**
 - **Escala de persoal de mantemento**
 - Grupo V de persoal laboral:
 - **Categorías 10B, 10C, 14 e 14A**

**Os méritos deberán referirse á data de publicación da convocatoria no DOG:
26/12/2022**

PROCEDEMENTO:

Os méritos achegaranse ao expediente persoal electrónico, a través de: <https://fides.xunta.gal>
O procedemento está establecido na [Resolución do 5 de decembro de 2023](#).

En FIDES comprobaranse os datos que figuran no expediente:

- Si estás conforme** cos datos consultados, porque os méritos baremables neste proceso figuran no estado de validados, **non precisas realizar ningunha actuación.**
- No **suposto de non estar conforme** cos datos consultados, por non constaren ou por seren incompletos, **debes incorporar a información non rexistrada** presentando a **solicitude de actualización dos méritos xunto coa documentación acreditativa** deles ao abeiro do establecido na Resolución do 5 de decembro de 2023.
- Si atopas** no expediente electrónico **erros** nos méritos nos estados de «**En Trámite**», «**Validado**», «**Duplicado**» ou «**Descartado**»; **ou que non se recollese** no seu expediente **algún período da súa experiencia** profesional **interna** ou **figuren erros** nela debes presentar **alegacións a través de Fides** na epígrafe de «**inscrición en procesos selectivos**», accedendo ao proceso de estabilización desta resolución en que figure inscrito, na epígrafe «**que podo facer?**», «**presentación de alegacións**».

**SE NON TES MÉRITOS PARA ACREDITAR
NON PRECISAS REALIZAR NINGÚN TRÁMITE**



DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA:

- Os **méritos** que aparezan no estado «**acreditación documental incompleta**» debes **acreditalos**, para iso:
 - **Presenta toda a documentación** seguindo o establecido nos números 3 e 4 da instrución oitava da **Resolución do 5 de decembro de 2023**, é dicir:
 - **Achegando as copias electrónicas auténticas a través de FIDES, ou**
 - **Cando non dispoñas de copias auténticas: presentando a documentación de maneira presencial (Rexistros).**

PRAZO:

- **10 DÍAS HÁBILES A PARTIR DO 06/04/24:**
 - Para **actualizar** méritos e a súa documentación.
 - Para **emendar** o estado «**acreditación documental incompleta**»

ESTADO DOS MÉRITOS PARA SER BAREMADOS:

- Os **méritos** reflectidos no expediente electrónico persoal na epígrafe de experiencia profesional interna e nos restantes méritos no estado de **validados** serán **os que teña en conta o tribunal na baremación** do concurso, referidos **á data 26/12/2022**.
- Os **méritos** que **incluídos** no expediente **a 05/04/24** no estado de **validados non podes presentalos de novo**.

PRESENTACIÓN E ADMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS

- **Si entre** a entrada en vigor da **Resolución do 5 de decembro de 2023** e a **publicación da actual apertura de prazo, solicitaches validación dalgún mérito** previamente rexistrado no teu expediente e este se encontre nos estados de «**pendente de presentar ou tramitar**» ou «**en trámite**», **non terás que presentar novamente a documentación acreditativa** de tal/es mérito/s **agás** a complementaria que resulte necesaria para a súa **actualización**.
- Non se terán en conta neste proceso:
 - outros méritos presentados polas persoas aspirantes distintos dos que figuren no seu expediente persoal electrónico ou
 - que se soliciten no expediente ou
 - que se acrediten documentalmente con posterioridade ao prazo dos 10 días establecido no punto cuarto desta resolución.
 - Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva **non se admitirá**, unha vez **rematado o prazo** de acreditación de méritos establecido neste resolución e para os efectos da súa valoración neste proceso, ningunha **nova documentación acreditativa de méritos**, aínda que consten rexistrados na solicitude de actualización ou modificación do expediente persoal.
 - **Exceptúase** aquela **documentación** que, xustificándoa documentalmente neste mesmo prazo, **a solicitases** ao organismo ou entidade competente **e non fose recibida no indicado prazo**. Neste suposto admitirase a súa presentación ata o momento da finalización do prazo para a presentación de reclamacións á baremación provisional.



MÉRITOS RELATIVOS Á SUPERACIÓN DE PROCESOS SELECTIVOS:

Os méritos por superación de exercicios ou probas de procesos selectivos **convocados con data posterior ao 1.1.2001** para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo da Xunta, **apreciaraos de oficio a Dirección Xeral da Función Pública**, polo que **non precisas acreditarlos**

PRIORIZACIÓN DAS SOLICITUDES DE ACTUALIZACIÓN

Dase **prioridade** á tramitación das **solicitudes de actualización** do expediente persoal electrónico que se presenten ao abeiro dos **procesos selectivos** extraordinarios de estabilización derivados da **Lei 20/2021**, coa finalidade de axilizar a súa resolución.

